

Concello de Covelo

Expte. n.º: 951/2025

MEMORIA EXPLICATIVA DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO EXERCICIO 2025

Que formula o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Covelo, D. Juan Pablo Castillo Amigo, en cumprimento do disposto nos artigos 168.1.a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 18.1 a) do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Producida a formación do orzamento desta Entidade, correspondente ao mencionado exercicio, o contido do mesmo, en síntese, é o seguinte:

A) Variacións xerais. Comparación cos créditos e previsións iniciais do exercicio anterior.

ESTADO DE GASTOS.-

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	CRÉDITO 2024	CRÉDITO 2025
1	GASTOS DE PERSOAL	801.281,81 €	1.033.867,57 €
2	GASTOS BENS CORRENTES E SERVICIOS	1.139.099,33 €	1.294.882,03 €
3	GASTOS FINANCIEROS	11.240,00 €	700,00 €
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	69.880,80 €	85.430,80 €
5	FONDO DE CONTINXENCIA	0,00 €	0,00 €
6	INVESTIMENTOS REAIS	0,00 €	776.700,40 €
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	2.000,00 €	4.300,00 €
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00 €	0,00 €
9	PASIVOS FINANCIEROS	12.400,77 €	11.652,51 €
	TOTAL	2.035.902,71 €	3.207.533,31 €

ESTADO DE INGRESOS.-

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	PREVISIÓN 2024	PREVISIÓN 2025
1	IMPOSTOS DIRECTOS	763.000,00 €	803.870,23 €
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	30.000,00 €	35.000,00 €
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	293.100,00 €	321.781,24 €
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	943.402,71 €	1.328.846,75 €
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	6.400,00 €	6.150,00 €
6	ALLEAMENTO INVESTIMENTOS REAIS	0,00 €	0,00 €
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00 €	711.885,09 €
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00 €	0,00 €
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00 €	0,00 €
	TOTAL	2.035.902,71 €	3.207.533,31 €

B) Orzamento de gastos 2025

Capítulo 1. Gastos de persoal

En relación cos gastos de persoal, aínda que na data do presente non se aprobou a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2025, en virtude da Orde PJC/681/2025, de 1 de xullo, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros de 1 de xullo, polo que se aproba o incremento do 0,5 por cento das retribucións do persoal ao servizo do sector público previsto no artigo 6.2 do Real Decreto - Lei 4/2024, de 26 de xuño, polo que se prorrogan determinadas medidas para afrontar as consecuencias económicas e sociais derivadas dos conflitos en Ucraína e Oriente próximo e se adoptan medidas urxentes en materia, fiscal, enerxética e social (BOE nº 158 de 2 de xullo de 2025) recóllese o incremento das retribucións do 0,5% con efectos de 1 de xaneiro



Concello de Covelo

de 2024.

Polo que se refire aos gastos en bens correntes e servizos (**capítulo II**), orzamentáanse os créditos que se estiman necesarios para facer fronte aos mesmos, dentro das posibilidades económicas do Concello e o nivel de servizos establecido.

Polo que se refire aos gastos financeiros (**capítulo III**), orzamentáanse os créditos que se estiman necesarios para facer fronte aos mesmos.

O **capítulo IV** (transferencias correntes), recóllese a previsión de subvencións nominativas a asociacións e entidades por mor da súa relevancia e interese na promoción económica, cultural e deportiva deste concello:

- ANPA CEIP Antonio Blanco Rodríguez: 6.000,00 €.
- Asociación para o desenvolvemento do Alto Tea Covelo Natural: 500,00 €
- Asociación Cultural Ciclo de Música de Barciademera: 3.000,00 €.
- Fundación EOMAIA: 500,00 €.
- Club Covelo de Patinaxe Artística: 3.000,00 €.
- Covelo Club de Fútbol: 3.220,00 €.

A maiores, prevese unha partida orzamentaria por importe de 3.000,00 € para a concesión de axudas para a celebración de festas populares.

En canto as operacións de capital (**Capítulo VI**), dotáronse as correspondentes partidas para poder afrontar a execución das obras e servizos que se sinalan no anexo de investimentos.

Recóllense no **Capítulo VI** os importes necesarios para facer fronte á execución da emenda das deficiencias detectadas na obra de “establecemento de itinerarios continuos con implantación de corredores verdes” derivada da incautación da garantía definitiva da contratista da obra Construcciones Vale, S.L., da liquidación da obra de mellora de accesibilidade e humanización dos accesos aos equipamentos de Barciademera, incluída no Plan Concellos 2022-2023, a realización das actuacións comprendidas no Plan Máis Provincia 2025 (acondicionamento de camiños municipais en Godóns e Campo, acondicionamento do camiño de A Hermida, pavimentación con mestura bituminosa en quente en camiños municipais en Maceira e Barciademera, mellora interior e equipamento da Casa Social de Prado de Canda, mellora interior e equipamento da Casa Social de San Salvador de Prado, acondicionamento do entorno da reitoral da igrexa de Barciademera, adquisición da antiga cámara agraria, achega municipal das obras de mellora da eficiencia enerxética e autoconsumo no edificio antigas casas dos mestres incluída no programa DUS 5000 e a subvención concedida para o acondicionamento de vestiarios do cuartel da Guardia Civil de Covelo), a anualidade 2025 para a pavimentación de camiños municipais en A Graña e Godóns, no marco do Plan Camiña rural 2025 – 2026, a mellora da rede de abastecemento de auga en O Piñeiro de Areas, a instalación dunha caldeira de biomasa no centro de saúde de Covelo, a adquisición de novidades editoriais en galego así como a mellora da colección bibliográfica da biblioteca, a mellora do lavadoiro dos Condes, a mellora da accesibilidade e construción dunha marquesiña na terraza no edificio multiusos de Covelo e as actuacións incluídas no II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas da Deputación de Pontevedra (o mantemento e conservación da piscina municipal de Covelo e o mantemento e conservación da cuberta e fachadas do pavillón municipal de Covelo).

No **Capítulo VII** (transferencias de capital) recóllense os gastos relativos ás axudas de emerxencia social consistentes en investimentos.

No **Capítulo IX** (pasivos financeiros) recóllense as contías destinadas a aboar as amortizacións dos anticipos outorgados pola Deputación Provincial de Pontevedra concertados na actualidade, así como outros gastos.

C) Orzamento de Ingresos.

Dotáronse orzamentariamente todos aqueles conceptos que se estiman procedentes, tomando como base as



Concello de Covelo

ordenanzas fiscais vixentes, a participación nos tributos do Estado e os demais que legalmente corresponden percibir da que a súa liquidación se prevé durante o exercicio.

No **Capítulo I** de ingresos, respecto do Imposto de Actividades Económicas e do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica mantense, con carácter xeral, a previsión de exercicios anteriores e atendendo aos padróns. No caso do Imposto de Bens Inmóbles prevese un incremento, como consecuencia da modificación do tipo de gravame dos bens inmóbles de natureza urbana do 0,40% ao 0,50% e de natureza rústica do 0,40% ao 0,45% acordada na sesión de Pleno celebrada o 10 de novembro de 2023 e publicado definitivamente no BOPPO n.º 60 de 25 de marzo de 2024 (Expte. n.º. 1432/2023).

No **Capítulo II** a previsión de ingresos, faise en previsión de solicitudes de licenzas e comunicacións previas que se presenten.

Polo que respecta o **Capítulo III**, mantense practicamente a previsión de ingresos respecto do exercicio anterior.

Respecto das transferencias correntes (**Capítulo IV**), contéplanse os seguintes importes:

Administración Xeral do Estado:

Participación nos Tributos do Estado: 571.944,48 €

Comunidade Autónoma:

Fondo de Cooperación Local: 245.000,00 €

Outras transferencias correntes C.A.:

Gastos de funcionamento do Xulgado de Paz: 1.650,16 €

Plan Concertado: 165.000,00 €

Persoal traballadora social: 16.815,00 €

Servizo de vixilancia, rescate e salvamento piscina: 6.256,11 €

Aprol rural 2025: 49.760,19 €

Convenio accións de prevención e defensa contra os incendios forestais: 5.950,00 €

Plan corresponsables no ámbito local: 13.912,49 €

Dinamización da lectura nas bibliotecas públicas: 802,46 €

Deputación Provincial:

Plan Máis Provincia 2025 Liña 2: 48.054,98 €

Plan Máis Provincia 2024 Liña 3: 111.163,33 €

Plan cofinanciamento servizos sociais comunitarios 2025: 41.854,48 €

Axudas básicas de emerxencia 2025 (gasto corrente): 8.000,00 €

Circuíto +Escénicas 2024: 2.655,00 €

Circuíto +Escénicas 2025: 3.712,50 €

Dinamización lingua galega 2025: 2.800,53 €

Concello de Mondariz Balneario:

Convenio servizos sociais: 11.125,52 €

Grupo Desenvolvemento Rural Condado – Paradanta:

Convenio PSTD en destino Condado – Paradanta destino enogastronómico: 5.200,00 €



Concello de Covelo

Respecto dos ingresos do **Capítulo V**, recóllense os importes correspondentes ao canon da concesión do cámping e o alugueiro de caseta de telefonía.

Respecto dos investimentos previstos para o presente exercicio, contempláronse os financiamentos de carácter externo para a súa execución, sen incluír, claro está, as achegas municipais que formen parte do estado de gastos pero non do de ingresos (**Capítulo VII**), que son:

Comunidade Autónoma:

Fondo de Compensación Ambiental (liña non competitiva): 69.588,37 €
Adquisición de novidades editoriais e mellora coleccións bibliográficas: 2.238,40 €
Plan camiña rural 2025 - 2026 (anualidade 2025): 36.144,31 €
Mellora de infraestruturas vinculadas á prestación de servizos municipais: 36.033,91 €
Corrección de impactos paisaxísticos: 20.000,00 €
Fondo adicional Fondo de Cooperación Local: 40.986,75 €

Deputación Provincial:

II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas: 90.267,72 €
Plan máis provincia 2025 liña 1 investimentos: 419.757,39 €
Axudas básicas de emerxencia 2025 (gasto investimento): 4.300,00 €

Documento asinado dixitalmente ao marxe.

O alcalde

Juan Pablo Castillo Amigo

